

Fichas de desenvolvemento de produtos

42 concursoescolaronce.es/guionce/fichas-de-desarrollo-de-productos

Nesta **42 Edición** do Concurso Escolar, **deixamos voar a nosa imaxinación** para **identificar barreiras** que afrontan as persoas con distintas discapacidades e **deseñar solucións innovadoras** que fagan do mundo **un lugar máis inclusivo**.

Se queres profundar no **deseño de produtos de apoio** ou outros que fan a **vida máis doada** ás persoas, facilitámosche estas ligazóns con produtos que poden dar pé á imaxinación dos teus alumnos e alumnas:

- <https://cti.once.es/>
- <https://cti.once.es/catalogo-comercial>
- <https://ceapat.imserso.es/catalogo-productos-apoyo>
- <https://www.rpdiscapacidad.gob.es/discapacidad-derechos-humanos/accesibilidad-universal.htm>
- <https://www.recursosdua.com/que-es-dua>
- <https://www.educacionfpydeportes.gob.es/revista-de-educacion/numeros-revista-educacion/numeros-antiores/2012/re359/re359-19.html>
- <https://accessibilitas.es/>

O obxectivo principal das fichas de desenvolvemento de produtos é aplicar a **empatía** para crear produtos que non só **resolvan un problema**, senón que tamén **melloren a vida das persoas e a súa inclusión na sociedade**: pensar en como un obxecto, unha ferramenta ou un servizo pode ser deseñado para que todos e todas, sen importar as súas capacidades, poidan usalo de forma sinxela e efectiva.

Dispós, para iso, dunha ficha de dúas páxinas que vos axudará na creación do voso produto (a ficha da categoría de Ed. Especial conta cunha páxina simplificada)

- **Categorías A e B**
- **Categoría C**
- **Categoría E**

Consellos para idear un produto

Mente aberta: Evitade caer en estereotipos ou suposicións sobre o que "necesitan" ou "todo o que non poden facer" as persoas con discapacidade. A diversidade dentro de cada grupo é enorme.

Concentración, non dispersión: É mellor resolver unha barreira moi específica que vos permita encontrar unha solución concreta, que tentar solucionar moitas á vez dunha forma superficial.

Problema real, non imaxinario: Asegurádevos de que a barreira que elixades sexa un desafío real e frecuente para as persoas con esa discapacidade.

Pensar libremente: Sede imaxinativos, audaces e orixinais. Non hai ideas "parvas" na fase inicial da chuvia de ideas.

Simplicidade e funcionalidade: O produto debe ser práctico, fácil de usar e eficaz. Ás veces, a solución máis simple é a máis brillante.

Impacto a longo prazo: Podería este produto ter un impacto positivo duradeiro na vida das persoas?

A empatía como punto de inicio: Antes de pensar en solucións, é importante que entendades profundamente a barreira á que se enfrenta unha persoa con discapacidade. Pensade como é o seu día a día e os retos que, diariamente, ten que superar. A empatía é o motor dunha boa idea para cambiar a sociedade.

Deseño universal: É un concepto de deseño que se enfoca en que o mellor deseño accesíbel é aquel que beneficia á maior cantidade de persoas, non só ao grupo específico de discapacidade. O deseño universal ten como principios proporcionar múltiples formas de representación, de implicación e de acción e expresión. Por exemplo, unha rampla é esencial para unha cadeira de rodas, pero tamén axuda a carriños de bebé ou persoas con maletas.

Viabilidade e sustentabilidade: Para comezar, buscade se a vosa idea xa se materializou no mercado. De ser así, procurade introducir unha mellora. En caso de ser unha idea orixinal e innovadora, pensade se é factíbel. Pensade en se o produto podería fabricarse e distribuírse de forma realista, alén do seu impacto ambiental.